

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

**PLAN DE RECUPERACIÓN DO ALUMNADO PENDENTE
DE 1º DE ESO. Curso 2023/2024**

Os alumnos que teñan a materia pendente do ano pasado terán a posibilidade de recuperala mediante traballos e exames parciais. Os traballos consistirán en láminas sobre os contidos impartidos nas distintas avaliacións, e deberán entregarse o día do exame.

A media das láminas contará como o 60% da nota, e o exame un 40 % en cada un dos parciais.

O primeiro parcial e primeira entrega de láminas terá lugar o mércores 22 de novembro.

O segundo parcial e segunda entrega de láminas terá lugar o mércores 21 de febreiro.

O terceiro parcial e terceira entrega de láminas terá lugar o mércores 22 de maio,

O exame teórico do tercer parcial será das dúas avaliacións anteriores para o alumnado non presentado ou suspenso. Os alumnos aprobados nas dúas avaliacións anteriores só terán que presentar as láminas do terceiro trimestre.

Os exames teóricos poderá prepararse consultando as presentación da teoría das Unidades didácticas correspondentes na aula virtual de EPVA 1º de ESO pendentes.

PRIMEIRO PARCIAL

Unidade I. Un mundo de imaxes

Unidade II. A linguaxe visual

LÁMINAS

L1. Gústame / non me gusta. Rotulador e / ou lápiz de cor sobre lámina de debuxo DIN A4. Divide a lámina en dúas partes e debuxa na primeira cinco cousas que che gusten e na segunda cinco que non che gusten.

L2. Puntillismo. Rotuladores de cor sobre lámina de debuxo DIN A4. Tema: formas orgánicas, por exemplo froitas, follas, flores...

L3. Expresividade da liña. Rotulador, lápiz de cor ou ceras sobre lámina de debuxo DIN A4. Tema: paisaxe natural.

L4. Texturas visuais. Rotulador ou lapis de cor sobre lámina DIN A4. Podes realizar unha composición similar ao exemplo.

L5. Postal de Nadal con colaxe. Utiliza a técnica da colaxe para realizar unha Postal de Nadal. Podes utilizar diversos papeis de cores, cartulinas ou calquera outro material que podas pegar na lámina. O tamaño é DIN A5 (medio folio)

SEGUNDO PARCIAL

Unidade II (continuación). A cor

Unidade III. Un mundo organizado

Unidade IV. A escala

LÁMINAS

L6. Círculo cromático. Realizar o círculo cromático de doce divisións representando ordeadamente as cores primarias, secundarias e terciarias. Témpera ou lapis de cor sobre lámina DIN A4.

L7. Cores frías e cálidas. Realizar unha composición na que se utilicen cores frías na metade do debuxo e cálidas na outra metade. Podes copiar se queres o modelo da aula virtual.

L8. Operacións con ángulos e segmentos. (Podes consultar os exercicios na presentación de **Debuxo técnico**)

a) Debuxar os principais tipos de ángulos: agudo, recto, obtuso, llano. Sumar un ángulo recto e un agudo. Trazar a bisectriz dun ángulo recto.

b) Debuxar dous segmentos de distinta medida, sumalos e restalos, utilizando o compás. Representar as operacións ordeadamente na lámina utilizando lapis ou perfilador negro 0.5

L9. Hexágono e octógono estrelado. Divide a lámina pola metade e debuxa un hexágono e un octógono estrelado, seguindo as explicacións das partes correspondentes dos vídeos. Decóraos utilizando para cada un deles unha parella diferente de cores complementarias.

L10. Cambiando a proporción. Debuxa unha composición na que representes polo menos dous elementos coas súas proporción cambiadas. Pode ser por exemplo unha persoa moi grande ao lado dun árbol moi pequeno. Tamén podes facer a lámina utilizando a colaxe.

TERCEIRO PARCIAL

Unidade V. Capturar un instante

Unidade VI. Ilustrar historias

LÁMINAS

L11. Puntos de vista na perspectiva. Divide unha lámina en dúas partes e debuxa a mesma paisaxe cun punto de vista alto e baixo na outra metade. Se non sabes como facelo podes copiar o exemplo que ven na presentación **Capturar un instante**.

L12.Cómic. Debuxa una historia inventada por ti e desenvolve o argumento en un mínimo de catro viñetas, aplicando polo menos catro encadres distintos e recursos propios do cómic (bocadillos e cartelas para os textos, onomatopeias e liñas cinéticas... Técnica libre, lámina DIN A 4.

L13. Ilustración dun conto infantil. Realiza a ilustración para a portada dun conto infantil que sexa ben coñecido, por exemplo Caperucita roja, Blancanieves, La sirenita, etc. Non esquezas engadir o título do conto.

L14.Comentario de dúas obras. Recorta e pega dúas imaxes diferentes de obras de arte e realiza un breve comentario de cada unha delas, seguindo as instrucións da páxina 37 da teoría Comunicación visual (pdf. debaixo do título da lámina 14)

A PROFESORA ACLARARÁ AS DÚBIDAS DO ALUMNADO PREVIA SOLICITUDE DO MESMO.

A Coruña, 15 de setembro de 2023

Dolores García Saavedra
Xefa do Departamento de Artes Plásticas

Don/Dona.....

Pai/nai/titor/a do alumno/a.....

Recibín a información sobre a recuperación da materia Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 1º ESO.

Asinado